

## PROCEDEMENTO DE XESTION DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DESTINADA AOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN. ANO 2019

Dentro do Regulamento de funcionamento do catálogo de investigadores e grupos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, establécese que unha porcentaxe da Axuda á Producción Científica xestionada pola Vicerreitoría de Investigación sexa destinada directamente aos grupos de investigación en función da produción científica acreditada de acordo aos criterios de baremación establecidos, así como polos recursos acadados por todos os membros do grupo.

No Consello de Goberno celebrado o pasado 28 de febreiro de 2019 aprobouse a **Proposta de xestión para a asignación da Axuda á Producción Científica** para o ano 2019, adxunta a este documento, na que, atendendo as restricións orzamentarias da USC que condicionan a aplicación de recursos significativos neste ámbito, así como na actual existencia de programas públicos que no marco das estratexias de I+D e do Plan de financiamento incentivan de xeito máis eficiente a produción científica dos Grupos da USC, aprobouse un cambio no proceso de asignación da Axuda á Producción Científica conforme ao seguinte:

- Manter durante 2019 os criterios de valoración para os méritos xa rexistrados e correspondentes ao ano 2017, o que permite a determinación dos puntos acadados por Grupos, Institutos e Departamentos de xeito comparable cos anos anteriores.
- Repartir o crédito asignado á Producción Científica de Grupos unicamente entre os Grupos sen financiamento operativo en 2019, incrementando o mínimo a percibir polos Grupos a 450 €. Esta cantidade poderá ser modificada en función dos resultados da convocatoria de Consolidación correspondente ao ano 2019
- Non financiar no exercicio 2019 aos Grupos con financiamento previsto no exercicio procedente do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia

De cara aos orzamentos de 2020, o Vicerreitorado de Investigación e Innovación propoñerá un cambio de modelo en canto á incentivación da actividade de investigación, cunha actualización do catálogo de Grupos de Investigación e a reformulación dos procesos de rexistro e valoración da produción científica para, entre outros obxectivos, permitir aos Grupos de Investigación non consolidados evolucionar cara os criterios de consolidación propostos pola Xunta de Galicia no marco do Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas

### PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DA AXUDA.

O financiamento dos Grupos que como consecuencia da súa produción científica perciban axuda en 2019 será ingresado na partidas xenérica dos Departamento ou Centro ao que pertenza o coordinador. Para facer uso destes fondos o máis conveniente é utilizar as "contas internas" de SICUS, de maneira que se podan controlar de xeito independente por cada grupo. O director do "centro de gasto" continuará a ser o director do Departamento/Instituto, aínda que os fondos estean asignados ao coordinador de cada grupo de xeito que, aínda que as propostas de gasto partan de cada coordinador, quen debe asinar formalmente os documentos de gasto será o director do Departamento ou Instituto Universitario.

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2019 aprobou a modificación do procedemento de asignación da axuda á produción científica no exercicio 2019, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Proposta de xestión para a asignación da Axuda á Producción Científica no exercicio 2019

As axudas á Producción Científica (PC) fináncianse desde a Vicerreitoría de Investigación e Innovación con cargo a partida 8050/2301/64000 que, historicamente incorpora os créditos correspondentes a este fin, así como todos os orzamentos adxudicados a este vicerreitorado para axudas xerais ou singulares e outras accións de promoción da investigación.

Nos últimos 4 anos a cantidade asignada a este concepto pola Vicerreitoría de Investigación e Innovación ten sido de 250.000€ (entre 2010 e 2014 foi de 200.000).

Por acordo do Consello de Goberno (actualización de 21-06-2007) a xestión da Axuda por Producción Científica establece que, no marco dos orzamentos establecidos para este concepto, a cantidade consignada sexa distribuída entre os Departamentos e os Grupos de Investigación nunha proporción de 20%-80%, correspondéndolle aos Grupos de Investigación unha dotación total anual de 200.000€.

De acordo co anterior, e na consideración de que o número de Grupos activos oscila entre 290 e 295, a media percibida por Grupo nestes últimos anos pode estimarse en 665 €/grupo/ano.

Na práctica ordinaria, só uns 60 Grupos perciben unha cantidade anual por riba dos 1.000€, acumulando o 55% do orzamento distribuído, e, no extremo contrario sitúanse 150 Grupos que perciben por baixo dos 250€ anuais.

Na actualidade hai 130 Grupos de Investigación que reciben axuda directa da Xunta no marco do *Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas*. Esta financiación está orientada a sufragar os gastos de funcionamento operativo dos Grupos e oscila entre os 45.000 €/ano (GPC) e os 140.000 €/ano (GRC max.).

Nestas circunstancias, tendo en conta os indicadores que xustifican as axudas aos Grupos do Programa de Consolidación, realmente é este Programa o que está actuando como tal incentivo para os grupos activos na USC, sendo a axuda aportada pola propia institución case irrelevante.

Por conseguinte, esta Vicerreitoría quere propoñer de cara aos orzamentos de 2020 un cambio de modelo, en canto á incentivación da actividade de investigación, cunha actualización do catálogo de Grupos de Investigación e a reformulación dos procesos de rexistro e valoración da produción científica actualmente obsoletos e ineficientes.

Nesta liña, co obxectivo de facer un uso máis racional dos orzamentos dispoñibles para acción de apoio á investigación en 2019, a Vicerreitoría quere propoñer xa neste exercicio un cambio no proceso de asignación da Axuda á Producción Científica tomando en consideración o seguinte:

- Referíndonos ao exercicio 2019, existen 100 Grupos que teñen xa axuda vixente do Programa de Consolidación por un importe que ronda os 5M€.
- Complementariamente, a día de hoxe, permanecen 196 Grupos sen financiamento operativo. Dentro destes Grupos, entre o 15 e 20% solicitarán e previsiblemente acadarán axuda de Consolidación en 2019, e o conxunto dos grupo restantes, atendendo aos criterios de reparto da Axuda de PC de anos anteriores, poderían chegar a percibir, en condicións equivalentes, en torno a 30.000€.
- O proceso de Reformulación dos Institutos de Investigación desenvolvido nos anos 2017 e 2018 demanda un maior compromiso coa actividade destas unidades. Na mesma liña, compre mellorar as dotacións asociadas aos Departamentos potencialmente diminuídas pola adscrición formal da produción científica dos investigadores aos Institutos de acordo co novo Regulamento de Institutos.

En consecuencia, e de cara ao reparto da asignación da Axuda á Producción Científica en 2019 propónse o seguinte:

- Manter durante 2019 os criterios de valoración para os méritos xa rexistrados e correspondentes ao ano 2017, o que permite a determinación dos puntos acadados por Grupos, Institutos e Departamentos de xeito comparable cos anos anteriores.
- Incrementar a dotación asignada aos Departamentos de 50.000€ a 80.000€, ao tempo que se elimina deste reparto a valoración de Centros Singulares e Institutos, lo que en conxunto representa un incremento en torno ao 60% respecto de 2018.
- Asignar ao reparto entre os Institutos a cantidade de 25.000€, o que representa un 65% respecto de 2018.

Pola súa parte, os Centros Singulares non percibirán desde este ano axuda directa por PC dado que contan cun financiamento específico a través do Contrato Programa. Este CP repártese precisamente en función de resultados e obxectivos de produción científica previamente acordados e ten dotación e partida propia que, desde o ano 2019 incorpora tamén a valoración do IGFAE recentemente incorporado á Rede de CCSSII por acordo do Consello de Goberno no pasado mes de xaneiro.

- Repartir a cantidade de 65.000€ entre os Grupos sen financiamento operativo en 2019 incrementando o mínimo a percibir polos Grupos a 450 €, o que representa duplicar a axuda percibida. Esta cantidade poderá ser modificada en función dos resultados da convocatoria de Consolidación aberta actualmente e que deberá ser resolta antes de xuño deste ano

A cantidade restante prevista na partida orzamentaria asignarase a axudas e programas propios que incentiven á produción científica dos Grupos de investigación.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/03/2019 12:03:00.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12/03/2019 10:10:44.

**CSV:** 0B46-29A3-43DC-BF40